



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tif: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA 28 DE DECEMBRO DE 2018.

ASISTENTES

GRUPO POLITICO

ALCALDESA, que preside:

D^a M^a Lourdes Ucha Varela PP

CONCELLEIROS:

D. José Ramón Gondar Pintos PP

D. Ramón Tilve Castro PP

D^a M^a Pilar González Dopazo PP

D. José Manuel Méndez Lázaro PP

D. Milagros Pérez Gándara PP

D^a Rosalina Lima Prado PP

D. José Manuel Ásperez Montes MI

D. Antonio Rial Lastres MI

D. José Varela Budelo MI

D^a M^a del Pilar Prado González MI

D^a Icíá García Fernández PSdeG-PSOE

CONCELLEIROS NON ASISTENTES:

D. Manuel Radio Oubiña PSdeG-PSOE

SECRETARIA:

D^a M^a Teresa Escudero Barral

No Salón de Sesións da Casa Consistorial de Meaño, ás 17:30 horas do día 28 de decembro de 2018, reúnese, previa convocatoria, o Pleno da Corporación en sesión extraordinaria, coa asistencia dos Sres/as concelleiros/as que se relacionan na marxe (Non se atopan presentes ao inicio da sesión a Sra. Prado González e o Sr. Gondar Pintos).

A tódolos asistentes fíxoselles chegar copia da orde do día, cos asuntos a tratar, poñéndose a súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente.

Concorrendo o quorúm necesario, declárase validamente constituída a sesión.

Aberta a sesión, pásase seguidamente ao exame dos puntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DE DATA 10 DE DECEMBRO DE 2018.


Dáse conta do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á sesión ordinaria de data 10 decembro de 2018, preguntando a Sra. alcaldesa-presidenta aos membros da Corporación desexa formular observacións ou rectificacións á mesma.

Sometida a votación ordinaria a aprobación da mesma queda aprobada por unanimidade dos dez membros presentes.

Ao inicio do segundo punto do orde do día incorpóranse á sesión a Sra. Prado González e o Sr. Gondar Pintos.

2º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO PLAN DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL (EXP. 1420/2018).

A Sra. alcaldesa-presidenta da conta da proposta que formula en relación con este asunto sinalando que, no marco da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para 2018 e do II Acordo Goberno-Sindicatos para a mellora do emprego público e de condicións de traballo fórmulase o Plan de estabilización de emprego





CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

temporal do Concello de Meaño para o ano 2019, coa creación na plantilla de persoal de postos de traballo de persoal laboral fixo do Concello de Meaño de 11 postos de traballo para estabilización de emprego, desempeñados temporalmente desde data anterior a xaneiro de 2015 e que responden a necesidades estruturais e permanentes dos Servizos ós que figuran adscritos:

Postos de persoal laboral fixo	Nº	SERVIZO	Xornada
Limpiador/a	1	Escola infantil municipal 0-3 anos	Parcial (20 horas semanais)
Coidadoras axudas domicilio	8	Servizo axuda no fogar	Parcial (25 horas/semanais)
Axudante de coordinación SAF	1	Servizos sociais-SAF	Parcial (14 horas semanais)
Conserxe oficios varios	1	Centro social Dena	Parcial (25 horas semanais)

Sometido o asunto a deliberación toma a palabra a Voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE a Sra. García Fernández, quen sinala que veñen solicitando a RTP e maior estabilidade dos postos de traballo e que se leve a cabo con transparencia, engadindo que, aínda que considera necesario ir máis alo, votará a favor.

Toma a palabra o Voceiro do Grupo Municipal MI o Sr. Ásperez Montes, quen sinala que votaran a favor porque veñen pelexando para que postos temporais se consoliden e que algúns acaden incluso o carácter de fixos discontinuos aínda que ata a data se negou o encaixe legal que por fin ten, apuntillando que non se quede aquí e se amplíe.

Toma a palabra a Sra. alcaldesa, quen sinala que o grupo de goberno tiña asumido o compromiso de ir procedendo a estabilización do emprego temporal no intre que a lexislación o permitira, inciado este proceso no ano 2018 ao amparo da Lei de Presupostos Xerais do Estado do 2017 para o sector servizos sociais seguindo de cara ao ano 2019 no marco da Lei de Presupostos Xerais do Estado do 2018.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, aceptando o ditame proposta da Comisión Especial de Contas, por unanimidade dos doce membros presentes; acorda:

1º.- Aprobar o plan de estabilización de emprego temporal do Concello de Meaño para cubrir necesidades de carácter estrutural e permanente nos distintos servizos, que figuran proposta.

2º.- Crear na plantilla de persoal e relación de postos de traballo de persoal laboral fixo do Concello de Meaño 11 postos de traballo para estabilización de emprego, desempeñados temporalmente desde data anterior a xaneiro de 2015 e que responden a necesidades estruturais e permanentes dos servizos ós que figuran adscritos:



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

Gr. cotización	Postos de persoal laboral fixo	Nº	SERVIZO	Xornada
10	Limpiador/a	1	Escola infantil municipal 0-3 anos	Parcial (20 horas semanais)
7	Coidadoras axudas domicilio	8	Servizo axuda no fogar	Parcial (25 horas/semanais)
7	Axudante de coordinación SAF	1	Servizos sociais-SAF	Parcial (14 horas semanais)
7	Conserxe oficios varios	1	Centro social Dena	Parcial (25 horas semanais)

3º.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO ORZAMENTO MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO ECONÓMICO 2019 (EXP. 1426/2018).

A Sra. alcaldesa-presidenta dá conta aos membros da Corporación da proposta da Alcaldía sinalando que, elaborado o Orzamento para o exercicio económico 2019, que se atopa nivelado tanto no Estado de Gastos coma no de Ingresos e estimándose, en principio, suficientemente dotadas as aplicacións para atende-las obrigas esixibles; e acompañando ó mesmo a documentación que preceptúa o artigo 165 e 168 do R.D. Lvo. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en concordancia cós artigos 18 e 19 do R.D. 500/1990, do 20 de abril de 1990 que se unen como anexos os previstos no artigo 166 do devandito R.D.Lvo. e nos artigos 12 ó 15 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, o Cadro de Persoal, Relacións de Postos de Traballo e Cargos Electivos, as Bases de Execución do Presuposto, o Cadro de Inversións, o estado de previsión de movemento e situación da débeda, liquidación do orzamento do exercicio anterior, avance do corrente, informe económico-financieiro, informe de intervención e informe sobre o cumprimento da estabilidade orzamentaria e límite da débeda; proponéndolle ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º Aproba-lo Orzamento Municipal para o exercicio económico 2019 pola contía, tanto no Estado de Gastos coma no de Ingresos de 3.875.653,25 €

Cap	GASTOS		Cap	INGRESOS	
	Denominación	Importe €		Denominación	Importe €
1	Gastos de persoal	1.572.254,00	1	Impostos directos	1.117.000,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.339.050,00	2	Impostos indirectos	30.000,00
3	Gastos financeiros	0,00	3	Taxas e outros ingresos	655.513,00
4	Transferencias correntes	165.620,00	4	Transferencias correntes	1.549.560,00
6	Investimentos reais	779.729,25	5	Ingresos patrimoniais	6.500,00
7	Transferencias de capital	19.000,00	6	Alleamento de inversións reais	1,00
8	Activos financeiros	0,00	7	Transferencias de capital	517.079,25
9	Pasivos financeiros	0,00	8	Activos financeiros	0,00
			9	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL	3.875.653,25		TOTAL	3.875.653,25

2º Aproba-las Bases de Execución do Orzamento tal e como figuran redactadas, coas delegacións contidas nas mesmas.

3º Formar e aproba-la Relación de Postos de Traballo e o Cadro de Persoal para





CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tif: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

o exercicio 2019, de acordo co disposto no art. 90 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en concordancia co art. 232 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, nos seguintes termos:

- Reposición da praza de operario que quedou vacante polo falecemento do seu titular
- Incremento de nivel dos postos de traballo dos Policías Locais, co ánimo afondar na especialización profesional e competencia e de impulsar o dereito á progresión na carreira profesional nunha planificación plurianual, asignando no exercicio 2018 o complemento de destino 18 e no 2019 o complemento de destino 19.

- Estabilización de emprego temporal, mediante un plan de estabilización para o exercicio 2019, ao abeiro do artigo 19.9 da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para 2018 e que ano 2019 lle afectará aos postos de persoal laboral de:

- * Limpador/a Escola Infantil 0-3 anos. Nº postos: 1
- * Coidador/a de axuda a domicilio. Nº de postos: 8
- * Auxiliar de coordinación SAF. Nº de postos: 1
- * Conserxe Centro Social. Nº de postos: 1

Quedando integrada por:

- Doce prazas de funcionarios de carreira.
- Dúas praza de funcionario carreira de auxiliar administrativo a extinguir, extingúndose no intre de que as titulares supere o correspondente proceso selectivo de promoción interna á praza de administrativo de administración xeral.

- Trinta e cinco postos de traballo de persoal laboral fixo.

- Postos de traballo de persoal laboral temporal, para cubrir a prestación directa dos distintos servizos, vinculados a competencias propias, competencias distintas das propias ou competencias relativas á educación e servizos sociais, que se veñen prestando con anterioridade a entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, pero que se consideran esenciais, inaprazables e imprescindibles, ao abeiro dos artigos 25 e 26 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, da Disposición Adicional decimoquinta e Disposición Transitoria segunda, da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, artigo 3.3 e Disposición adicional cuarta da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.

Co complemento de destino (nivel) asignado a cada unha das prazas de funcionarios, que no experimentan variación con respecto as vixentes no exercicio 2018, agás as correspondentes á Policía Local que varían nos termos sinalados e complemento específico.

CADRO DE PERSOAL

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

Denominación da Praza	Nº Prazas	Grupo Subgrupo	Nivel CD	Escala	Subescala
SECRETARÍA-INTERVENCIÓN	1	A/A1/A2	28	Habilit. carácter estatal	Secretaría-Intervención
TÉCNICO MEDIO ADM. XERAL	1	A/A2	22	Administ. Xeral	Xestión (TM)
ADMINISTRATIVO	2	C/C	20	Administ. Xeral	Administrativa
AUXILIAR	3	D/C2	18	Administ. Xeral	Auxiliar
POLICIA LOCAL	4	C/C1	19	Administ. Especial	Servicios Especiais
OPERARIO	1	E	14	Administ. Especial	Servicios Especiais

Auxiliar: Grupo C, Subgrupo C2, DOUS postos de Auxiliar quedan na situación "a extinguir", ao amortizarse no intre que sexa cuberta o posto de Administrativo por promoción interna.



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

POLICÍA LOCAL (Artigo 29 e Disposición transitoria primeira, punto 2, da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais)

Denominación da Praza	Nº Prazas	Grupo Subgrupo	Nivel CD	Escala	Categoría	Observacións
POLICÍA	1	C/C1 (A	19	Básica	Policía	4 prazas de Policía Transformada 1 das prazas de Policía en Oficial.
POLICÍA	1	extinguir)	19	Básica	Policía	
POLICÍA	1	C/C1	19	Básica	Policía	
OFICIAL (Por transformación dunha de Policía)	1	C/C1 C/C1	19	Básica	Oficial	

Policía Local*: Grupo C, Subgrupo C1, situación "a extinguir" (Disposición transitoria primeira, punto 2, da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais)

No intre da acreditación da titulación académica requerida quedará integrada para tódolos efectos no Grupo/Subgrupo C/C1. Oficial, que asumirá as funcións de xefe da policía ata que sexa nomeado o xefe do corpo da Policía Local de Meaño.

B) PERSOAL LABORAL

FIXO

FIXO

DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS	OBSERVACIÓNS
TECNICA PERSOAL-AXENTE EMPREGO E DESENV LOCAL	1	TEMPO COMPLETO
ASISTENTE SOCIAL	1	TEMPO COMPLETO
EDUCADOR/A FAMILIAR	1	TEMPO COMPLETO
INFORMADOR/A XUVENIL	1	TEMPO COMPLETO
ARQUITECTA TECNICA	1	TEMPO PARCIAL
MESTRAS EDUCACIÓN INFANTIL OU EQUIVALENTE	3	TEMPO COMPLETO
MESTRE/A EDUCACIÓN INFANTIL OU EQUIVALENTE	1	TEMPO COMPLETO
TÉCNICO ESPECIALISTA XARDÍN INFANCIA	1	TEMPO COMPLETO
TÉCNICO ESPECIALISTA XARDÍN INFANCIA	1	TEMPO COMPLETO
AUXILIAR ADMINISTRATIVO ATENCIÓN PRIMARIA	1	TEMPO COMPLETO
OPERARIO (Encargado obras e servizos)	1	TEMPO COMPLETO
OPERARIO SERVICIOS VARIOS	3	TEMPO COMPLETO
OPERARIO (Encargada de parques e xardíns)	1	TEMPO COMPLETO
OPERARIO SERVICIOS ESPECIAIS (Encargado edificios municipais)	1	TEMPO COMPLETO
LIMPADORA (Encargada)	1	TEMPO COMPLETO
OPERARIO (Encargado de maquinaria)	1	TEMPO COMPLETO
ARQUITECTO/A	1	TEMPO PARCIAL
COIDADOR/A-CONDUCTOR/A TRANSP. ASISTENCI	1	TEMPO COMPLETO
COIDADORA TERCEIRA IDADE CENTRO SOCIAL POLIV	1	TEMPO COMPLETO
TÉCNICO/A ANIMADOR SOCIO-CULTURAL CENTRO SOCIAL POLIV	1	TEMPO COMPLETO

FIXO DERIVADO DO PLAN DE ESTABILIZACIÓN 2019

DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS	OBSERVACIÓNS
LIMPADOR/A ESCOLA INFANTIL 0-3 ANOS (TP 20 horas/semanais)	1	TEMPO PARCIAL
COIDADORAS DE AXUDA A DOMICILIO (TP 25 horas/semanas)	8	TEMPO PARCIAL
AUXILIAR DE COORDINACIÓN SAF (TP 14 horas semanas)	1	TEMPO PARCIAL
CONSERXE OFICIO VARIOS CENTRO SOCIAL (TP 25 horas semanas)	1	TEMPO PARCIAL

C) TEMPORAL

DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS	OBSERVACIONES
BIBLIOTECARIO/A	1	XORNADA PARCIAL
LIMPADORES/AS CEIP /PAZO LIS/PAVILLO	6	XORNADA PARCIAL



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemearno@concellodemearno.com · Web: www.concellodemearno.com

TÉCNICO XIMNASIA TERAPEUTICA	1	XORNADA PARCIAL
MONITORES PISCINA - VERAN	2	XORNADA COMPLETA
OPERARIO PISCINA - VERAN	1	XORNADA COMPLETA
MONITORES CAMPAMENTOS - VERAN	3/4	XORNADA COMPLETA/PARCIAL
COIDADORAS PLAN MADRUGA-COMEDOR	3	XORNADA PARCIAL
PROFESORES ESCOLA MUNICIPAL MÚSICA	15	XORNADA PARCIAL
PROFESORES ESCOLA MUNICIPAL	1	XORNADA PARCIAL
MÚSICA-DIRECTOR	1	XORNADA PARCIAL
MONITOR XIMNASIA E ACTIVIDADES FÍSICAS	1	XORNADA COMPLETA
AUXILAR DE POLÍCIA		

4º Aproba-los Cadros de Retribucións do persoal funcionario, do persoal laboral e do eventual, coas características que figuran nas bases de aplicación de retribucións; quedando condicionado o incremento previsto, segundo o II Acordo para a mellora do emprego Público e de condicións de traballo, publicado mediante Resolución do 22 de marzo de 2018, da Secretaría de Estado de Función Pública, ao desenvolvemento lexislativo que de dite para a súa aplicación. .

5º Aprobar, ó abeiro do artigo 75.1.2 e 5 e 75 bis.1 e ter.1 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, como cargos a desempeñar con dedicación e retribucións:

- Alcaldía, dedicación exclusiva 100% xornada. Retribución anual 43.000,00 € brutos anuais, que se distribuirán en doce mensualidades e dúas pagas extras na mesma contía ás mensualidades, cada unha delas, que se devengaran nas nóminas dos meses de xuño e decembro.
- Concelleira de cultura, educación, infancia, xuventude, deporte e ocupación do tempo libre. Coordinación de áreas e relacións intencionais, dedicación parcial, 14 horas semanais. Retribución anual 8.400,00 € brutos anuais, que se distribuirán en doce mensualidades e dúas pagas extras na mesma contía ás mensualidades, cada unha delas, que se devengaran nas nóminas dos meses de xuño e decembro
- Concelleira de os sociais e igualdade, dedicación parcial, 9 horas semanais. Retribución anual 5.600,00 € brutos anuais, que se distribuirán en doce mensualidades e dúas pagas extras na mesma contía as mensualidades, cada unha delas, que se devengaran nas nóminas dos meses de xuño e decembro.

6º Aprobar para o exercicio económico 2019, ao abeiro do artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a asignación de dotación económica aos Grupos Políticos, que queda fixada nunha contía total de 5.120,00 €, con cargo á aplicación presupostaria 912.48000

Esta asignación distribúese en función dun compoñente fixo, idéntico para cada grupo, que ascende a 320,00€/grupo/ano, e outro variable a razón de 320,00 €/concelleiro/ano, en función do número de membros de cada un deles, quedando asignado como sigue:

Grupo político	Nº Concelleiros	Parte fixa €	Parte variable €	Total asignación económica €
PP	7	320,00	2.240,00	2.560,00
PSdeG-PSOE	2	320,00	640,00	960,00
MI	4	320,00	1.280,00	1.600,00
TOTAL	13	960,00	4.160,00	5.120,00



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tif: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

Esta asignación económica non poderá destinarse o pago de remuneración de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación nin a adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

Os grupos políticos deberan levar unha contabilidade específica desta dotación económica, que porán a disposición do Pleno da Corporación, sempre que este o pida.

7º Establécense, ao abeiro dos artigos 22 e 28 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, artigo 9 da Lei Xerla de Subvencións e 65 e seguintes do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, as seguintes subvencións nominativas:

APLICACIÓN	BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE MÁXIMO
334.480.01	Banda Unión musical de Meaño	Director	9.000,00 €
341.48.01	Unión Dena CF	Escola deportiva de fútbol	9.000,00 €
341.480.02	Asoc. Deport. Cult. ASMUBAL	Escola deportiva de balonmán	6.000,00 €

O convenio, cuxo modelo figura nas Bases de Execución do Orzamento, será o instrumento para canalizar estas subvencións.

8º Dáse conta da avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e do límite da débeda con motivo da aprobación do Orzamento Municipal 2019, no que se conclúe que cumpre o obxectivo de estabilidade presupuestaria entendido coma a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiación de acordo coa definición contida no SEC 95 e cumpre o límite da da débeda ao non contar con débeda.

9º Que se expoña ó público o expediente do Orzamento con toda a documentación que o integra, por un prazo de quince días hábiles, mediante edictos publicados no BOP, no taboleiro de anuncios e páxina Web do Concello de Meaño para os efectos de exame e presentación de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo, de non formularse reclamacións contra o mesmo; remitíndose posteriormente copias á Delegación do Ministerio de Economía y Hacienda e da Consellería Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, coa publicación final do edicto do Orzamento, resumido por capítulos, co cadro de persoal aprobado e cargos con dedicación, segundo se establece na lexislación vixente.

Así mesmo da conta a Sra. alcaldesa da conta dos investimentos previstos no Plan de inversións e programa de financiación para o exercizo 2019.

Sometido o asunto a deliberación toma a palabra a Voceira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE a Sra. García Fernández, quen sinala que poderían copiarse e pegarse os estados de gastos e cadros de investimentos dun ano para outro e nadie se daría conta, o único subliñable, engade, para o ano 2019 son as aplicacións previstas para a elaboración do Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais, que veu demandando o seu grupo, e para a promoción da igualdade e contra a violencia de xénero, preguntando en relación con isto último ¿qué medidas se van a adoptar?. Pregunta a Sra. García Fernández ¿Por que se reduce a previsión de crédito da partida

M.E.: P. DE OZDEGA - Reg. E.L.: 01360274 - Nº REGA-MU-2000 / 40



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

de mantemento de camiños rurais? ¿A qué pensa destinar o grupo de goberno a partida de mantemento e conservación de centros educativos, vaise utilizar para arranxar as filtracións da cuberta do CEIP de As Covas?; sinala que a diferenza entre os gastos e os ingresos correntes do orzamento do 2018 e do 2019 se reduce a que se aumenta o gasto de persoal e a previsión incremento de ingresos por IBI urbana, polo que se pode decir que os orzamentos seguen a mesma liña.

En canto aos investimentos pregunta ¿Qué se vai a facer na área recreativa A Besada, a que se refire a mellora das instalacións da Escola Infantil, no Centro Social e instalacións deportivas? ¿Qué pasou coa ruta de senderismo prevista no orzamento 2018?. En relación ao informe económico-financeiro sinala que en sesións anteriores xa preguntara que ía facer o grupo de goberno sobre a carga de traballo que ten encima a secretaria-interventora e a calada foi a resposta e o Concello de Meaño conta cunha poboación superior a cinco mil habitantes e cun orzamento superior a tres millóns de euros polo que cabe desdoblar as funcións ¿Qué vai facer o Concello?. Tamén se advirte sobre a contratación laboral temporal.

Conclúe a Sra. García Fernández sinalando que levan anos solicitando que se conte coa oposición para acadar un consenso; fállase no mesmo, as partidas sempre son as mesmas, non se prevé ningún tipo de axuda a pequena ou mediana empresa, non se prevé nada para axudar a asociacións de comerciantes desde o 2016; donde están as medidas para fomentar o comercio, o turismo polo que cree que o mais adecuado e votar en contra.

Contesta a Sra. alcaldesa:

- O pasado 10 de decembro o Pleno da Corporación acordou solicitar a adhesión ao Convenio de colaboración subscrito entre a Xunta de Galicia, a FEGAMPe Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais e esta adhesión conleva a obriga por parte do Concello de aprobar o plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais, que previamente haberá que elaborar.

- A aplicación prevista para a promoción da igualdade e contra a violencia de xénero ten por obxectivo o desenvolvemento do IV Plan de Igualdade do Concello de Meaño o Programa de prevención e tratamento integral da violencia de xénero, que se elaboraron este ano.

- A diminución da previsión para mantemento de camiños ven dada porque se están a empregar os servizos da mancomunidade.

- A aplicación destinada a mantemento e conservación de centros educativos é similar aos anos anterior para dar cobertura á obriga de mantemento que lle corresponde ao Concello. En canto ao arranxar das filtracións da cuberta do CEIP de As Covas farase un arranxo puntual pero a solución pasa pola substitución da cuberta, que lle corresponde á Consellería.

- A área recreativa prevista é en A Besada, Simes e a mellora da Escola Infantil é a previsión da achega do Concello para dotala de aire acondicionado para o que se ten apalabrado un convenio con Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza; a mellora do Centro Social Polivalente tamén está previsto dotalo de aire acondicionado e instalacións deportivas para dotar o pavillón de Xil de redes e de iluminación led o pavillón de Dena e outros investimentos de



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

reposición que poidan xurdir. En canto á ruta de senderismo fluvial prevista no Orzamento 2018 non está olvidada pero non foi posible chegar a acordo con tódolos propietarios.


- En canto á praza de secretaría-intervención, estudiarase na elaboración da RTP deixar recollido o desdoble e a contratación do persoal temporal irase reducindo a medida que se vaían estabilizando o emprego temporal.

Conclúe a Sra. alcaldesa sinalando que é normal e non lle sorprende que non estea de acordo puntualizado que en calquera caso os gastos de persoal e os gastos correntes son similares ano tras ano porque estan destinados a atender o funcionamento e mantemento dos distintos servizos municipais; trátase un orzamento axustado á realidade.

Toma a palabra o Sr. Ásperez Montes Voceiro do Grupo Municipal MI, quen sinala que se debería aprender doutros concellos que levan un mes traballando no Orzamento e convocando aos voceiros dos grupos municipais porque a sesión plenaria de aprobación do Orzamento é a máis importante do ano xa que do orzamento depende o futuro do Concello, afectando á planificación económica, de investimentos e persoal. Engade que se fala que se trata dun orzamento axustado á realidade pero non sabe si é igual que axustado ás necesidades dos veciños porque contéplase un proxecto de mellora e pavimentación dos viais de acceso á igrexa de Simes coa creación dun itinerario accesible pero séguese sen prever investir no acceso ao colexio de As Covas, que considera máis urxente. Nun proxecto que na última sesión plenaria se suspendeu séguese aumentando coa compra e adaptación dun terreo non investindo, pola contra, practicamente nada na mellora dos colexios, preguntándolle a Sra. alcaldesa si coñece as necesidades dos colexios, nin no Centro Social Polivalente que carece de espazo. A poboación de Meaño está baixando ano tras ano e nas axudas a natalidade non se contempla casi nada. Non se contemplan axudas a empresas e autónomos. Prevese un investimento de 40.000,00 € para a ampliación da zona de aparcamento do campo de fútbol de Meaño e sigue sen gradas e vestiarios, un campo de fútbol infrautilizado no que xogan aficionados e o Deportivo Xil. Non figura ningunha partida prevista para o plan xeral de ordenación municipal, documento prioritario para poder avanzar no desenvolvemento de Meaño.

Conclúe incidindo que é unha copia e pega do 2018 e que para o 2019 quedan os gastos e investimentos previstos para todo o ano cando das eleccións de maio sairá un novo grupo de goberno que xa non poderá actuar.

Contesta Sra. alcaldesa que coñece perfectamente as necesidades dos colexios porque as obrigas que lle corresponden ao Concello aténdese puntualmente, as necesidades a que se refire correspóndelle afrontalas á Consellería. No campo de fútbol Meaño xoga quen o solicite. O grupo de goberno non esperaba que votaran a favor e en maio haberá eleccións municipais e cambio de goberno municipal pero o período orzamentario é anual e o orzamento hai un prazo para aprobalo. Conclúe sinalando que considera que é un bo orzamento para os veciños e que haberá partidas que terán que suplementarse, coma a travesía de Lores si se acada a expropiación dos terreos. En canto aos investimentos son obras que se recollían no programa electoral do grupo de goberno e que no pasado Pleno, en relación co proxecto de remodelación e mellora de





CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

seguridade dos viarios no entorno dos centros educativos de Dena, o grupo de goberno expuso o compromiso de buscar solucións para acadar espazos de aparcamento.

Rematadas as intervencións e sometida a proposta de acordo a votación ordinaria, o Pleno da Corporación, con cinco votos en contra, dos membros do Grupo municipal de MI e PSdeG-PSOE e por sete votos a favor, dos membros do Grupo municipal do PP, aceptando o ditame-proposta da Comisión Especial de Contas, acorda:

1º Aproba-lo Orzamento Municipal para o exercicio económico 2019 pola contía, tanto no Estado de Gastos coma no de Ingresos de 3.875.653,25 €

Cap	GASTOS		Cap	INGRESOS	
	Denominación	Importe €		Denominación	Importe €
1	Gastos de persoal	1.572.254,00	1	Impostos directos	1.117.000,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.339.050,00	2	Impostos indirectos	30.000,00
3	Gastos financeiros	0,00	3	Taxas e outros ingresos	655.513,00
4	Transferencias correntes	165.620,00	4	Transferencias correntes	1.549.560,00
6	Investimentos reais	779.729,25	5	Ingresos patrimoniais	6.500,00
7	Transferencias de capital	19.000,00	6	Alleamento de inversións reais	1,00
8	Activos financeiros	0,00	7	Transferencias de capital	517.079,25
9	Pasivos financeiros	0,00	8	Activos financeiros	0,00
			9	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL	3.875.653,25		TOTAL	3.875.653,25

2º Aproba-las Bases de Execución do Orzamento tal e como figuran redactadas, coas delegacións contidas nas mesmas.

3º Formar e aproba-la Relación de Postos de Traballo e o Cadro de Persoal para o exercicio 2019, de acordo co disposto no art. 90 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en concordancia co art. 232 da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, nos seguintes termos:

- Reposición da praza de operario que quedou vacante polo falecemento do seu titular
- Incremento de nivel dos postos de traballo dos Policías Locais, co ánimo afondar na especialización profesional e competencia e de impulsar o dereito á progresión na carreira profesional nunha planificación plurianual, asignando no exercicio 2018 o complemento de destino 18 e no 2019 o complemento de destino 19.

- Estabilización de emprego temporal, mediante un plan de estabilización para o exercicio 2019, ao abeiro do artigo 19.9 da Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para 2018 e que ano 2019 lle afectará aos postos de persoal laboral de:

- * Limpador/a Escola Infantil 0-3 anos. Nº postos: 1
- * Coidador/a de axuda a domicilio. Nº de postos: 8
- * Auxiliar de coordinación SAF. Nº de postos: 1
- * Conserxe Centro Social. Nº de postos: 1

Quedando integrada por:



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

- Doce prazas de funcionarios de carreira.
 - Dúas praza de funcionario carreira de auxiliar administrativo a extinguir, extingúndose no intre de que as titulares supere o correspondente proceso selectivo de promoción interna á praza de administrativo de administración xeral.
 - Trinta e cinco postos de traballo de persoal laboral fixo.
 - Postos de traballo de persoal laboral temporal, para cubrir a prestación directa dos distintos servizos, vinculados a competencias propias, competencias distintas das propias ou competencias relativas á educación e servizos sociais, que se veñen prestando con anterioridade a entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, pero que se consideran esenciais, inaprazables e imprescindibles, ao abeiro dos artigos 25 e 26 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, da Disposición Adicional decimoquinta e Disposición Transitoria segunda, da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, artigo 3.3 e Disposición adicional cuarta da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local.
- Co complemento de destino (nivel) asignado a cada unha das prazas de funcionarios, que no experimentan variación con respecto as vixentes no exercicio 2018, agás as correspondentes á Policía Local que varían nos termos sinalados e complemento específico.

CADRO DE PERSOAL

B) FUNCIONARIOS DE CARREIRA

Denominación da Praza	Nº Prazas	Grupo Subgrupo	Nivel CD	Escala	Subescala
SECRETARÍA-INTERVENCIÓN	1	A/A1/A2	28	Habilit. carácter estatal	Secretaría-Intervención
TÉCNICO MEDIO ADM. XERAL	1	A/A2	22	Administ. Xeral	Xestión (TM)
ADMINISTRATIVO	2	C/C	20	Administ. Xeral	Administrativa
AUXILIAR	3	D/C2	18	Administ. Xeral	Auxiliar
POLICÍA LOCAL	4	C/C1	19	Administ. Especial	Servicios Especiais
OPERARIO	1	E	14	Administ. Especial	Servicios Especiais

Auxiliar: Grupo C, Subgrupo C2, DOUS postos de Auxiliar quedan na situación "a extinguir", ao amortizarse no intre que sexa aberta o posto de Administrativo por promoción interna.

POLICÍA LOCAL (Artigo 29 e Disposición transitoria primeira, punto 2, da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais)

Denominación da Praza	Nº Prazas	Grupo Subgrupo	Nivel CD	Escala	Categoría	Observacións
POLICÍA	1	C/C1 (A)	19	Básica	Policía	4 prazas de Policía Transformada 1 das prazas de Policía en Oficial.
POLICÍA	1	extinguir)	19	Básica	Policía	
POLICÍA	1	C/C1	19	Básica	Policía	
OFICIAL (Por transformación dunha de Policía)	1	C/C1	19	Básica	Oficial	

Policía Local*: Grupo C, Subgrupo C1, situación "a extinguir" (Disposición transitoria primeira, punto 2, da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais)

No intre da acreditación da titulación académica requerida quedará integrada para tódolos efectos no Grupo/Subgrupo C/C1. Oficial, que asumirá as funcións de xefe da policía ata que sexa nomeado o xefe do corpo da Policía Local de Meaño.

B) PERSOAL LABORAL

FIXO

FIXO

DENOMINACIÓN	Nº	OBSERVACIÓNS
--------------	----	--------------



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

	PAZAS	
TECNICA PERSOAL-AXENTE EMPREGO E DESENV LOCAL	1	TEMPO COMPLETO
ASISTENTE SOCIAL	1	TEMPO COMPLETO
EDUCADOR/A FAMILIAR	1	TEMPO COMPLETO
INFORMADOR/A XUVENIL	1	TEMPO COMPLETO
ARQUITECTA TECNICA	1	TEMPO PARCIAL
MESTRAS EDUCACIÓN INFANTIL OU EQUIVALENTE	3	TEMPO COMPLETO
MESTRE/A EDUCACIÓN INFANTIL OU EQUIVALENTE	1	TEMPO COMPLETO
TÉCNICO ESPECIALISTA XARDÍN INFANCIA	1	TEMPO COMPLETO
TÉCNICO ESPECIALISTA XARDÍN INFANCIA	1	TEMPO COMPLETO
AUXILIAR ADMINISTRATIVO ATENCIÓN PRIMARIA	1	TEMPO COMPLETO
OPERARIO (Encargado obras e servizos)	1	TEMPO COMPLETO
OPERARIO SERVICIOS VARIOS	3	TEMPO COMPLETO
OPERARIO (Encargada de parques e xardíns)	1	TEMPO COMPLETO
OPERARIO SERVICIOS ESPECIAIS (Encargado edificios municipais)	1	TEMPO COMPLETO
LIMPADORA (Encargada)	1	TEMPO COMPLETO
OPERARIO (Encargado de maquinaria)	1	TEMPO COMPLETO
ARQUITECTO/A	1	TEMPO PARCIAL
COIDADOR/A-CONDUCTOR/A TRANSP. ASISTENCI	1	TEMPO COMPLETO
COIDADORA TERCEIRA IDADE CENTRO SOCIAL POLIV	1	TEMPO COMPLETO
TÉCNICO/A ANIMADOR SOCIO-CULTURAL CENTRO SOCIAL POLIV	1	TEMPO COMPLETO

FIXO DERIVADO DO PLAN DE ESTABILIZACIÓN 2019

DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS	OBSERVACIONES
LIMPADOR/A ESCOLA INFANTIL 0-3 ANOS (TP 20 horas/semanais)	1	TEMPO PARCIAL
COIDADORAS DE AXUDA A DOMICILIO (TP 25 horas/semanais)	8	TEMPO PARCIAL
AUXILIAR DE COORDINACIÓN SAF (TP 14 horas semanais)	1	TEMPO PARCIAL
CONSERXE OFICIO VARIOS CENTRO SOCIAL (TP 25 horas semanais)	1	TEMPO PARCIAL

C) TEMPORAL

DENOMINACIÓN	Nº PRAZAS	OBSERVACIONES
BIBLIOTECARIO/A	1	XORNADA PARCIAL
LIMPADORES/AS CEIP /PAZO LIS/PAVILLO	6	XORNADA PARCIAL
TÉCNICO XIMNASIA TERAPEUTICA	1	XORNADA PARCIAL
MONITORES PISCINA - VERAN	2	XORNADA COMPLETA
OPERARIO PISCINA - VERAN	1	XORNADA COMPLETA
MONITORES CAMPAMENTOS - VERAN	3/4	XORNADA COMPLETA/PARCIAL
COIDADORAS PLAN MADRUGA-COMEDOR	3	XORNADA PARCIAL
PROFESORES ESCOLA MUNICIPAL MÚSICA	15	XORNADA PARCIAL
PROFESORES ESCOLA MUNICIPAL	1	XORNADA PARCIAL
MÚSICA-DIRECTOR	1	XORNADA PARCIAL
MONITOR XIMNASIA E ACTIVIDADES FÍSICAS	1	XORNADA COMPLETA
AUXILAR DE POLÍCIA		

4º Aprobados los Cuadros de Retribuciones del personal funcionario, del personal laboral e do eventual, coas características que figuran nas bases de aplicación de retribucións; quedando condicionado o incremento previsto, segundo o II Acordo para a mellora do emprego Público e de condicións de traballo, publicado mediante Resolución do 22 de marzo de 2018, da Secretaría de Estado de Función Pública, ao desenvolvemento lexislativo que de dite para a súa aplicación.

5º Aprobar, ó abeiro do artigo 75.1.2 e 5 e 75 bis.1 e ter.1 da Lei 7/85, do 2 de



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, como cargos a desempeñar con dedicación e retribucións:

- Alcaldía, dedicación exclusiva 100% xornada. Retribución anual 43.000,00 € brutos anuais, que se distribuirán en doce mensualidades e dúas pagas extras na mesma contía ás mensualidades, cada unha delas, que se devengaran nas nóminas dos meses de xuño e decembro.
- Concelleira de cultura, educación, infancia, xuventude, deporte e ocupación do tempo libre. Coordinación de áreas e relacións intitucionais, dedicación parcial, 14 horas semanais. Retribución anual 8.400,00 € brutos anuais, que se distribuirán en doce mensualidades e dúas pagas extras na mesma contía ás mensualidades, cada unha delas, que se devengaran nas nóminas dos meses de xuño e decembro
- Concelleira de os sociais e igualdade, dedicación parcial, 9 horas semanais. Retribución anual 5.600,00 € brutos anuais, que se distribuirán en doce mensualidades e dúas pagas extras na mesma contía as mensualidades, cada unha delas, que se devengaran nas nóminas dos meses de xuño e decembro.



6º Aprobar para o exercicio económico 2019, ao abeiro do artigo 73.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a asignación de dotación económica aos Grupos Políticos, que queda fixada nunha contía total de 5.120,00 €, con cargo á aplicación presupostaria 912.48000

Esta asignación distribúese en función dun compoñente fixo, idéntico para cada grupo, que ascende a 320,00€/grupo/ano, e outro variable a razón de 320,00 €/concelleiro/ano, en función do número de membros de cada un deles, quedando asignado como sigue:

Grupo político	Nº Concelleiros	Parte fixa €	Parte variable €	Total asignación económica €
PP	7	320,00	2.240,00	2.560,00
PSG-PSOE	2	320,00	640,00	960,00
MJ	4	320,00	1.280,00	1.600,00
TOTAL	13	960,00	4.160,00	5.120,00

Esta asignación económica non poderá destinarse o pago de remuneración de persoal de calquera tipo ao servizo da corporación nin a adquisición de bens que poidan constituír activos fixos de carácter patrimonial.

Os grupos políticos deberan levar unha contabilidade específica desta dotación económica, que porán a disposición do Pleno da Corporación, sempre que este o pida.

7º Establécense, ao abeiro dos artigos 22 e 28 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, artigo 9 da Lei Xerla de Subvencións e 65 e seguintes do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, as seguintes subvencións nominativas:

APLICACIÓN	BENEFICIARIO	FINALIDADE	IMPORTE MÁXIMO
334.480.01	Banda Unión musical de Meaño	Director	9.000,00 €
341.48.01	Unión Dena CF	Escola deportiva de fútbol	9.000,00 €
341.480.02	Asoc. Deport. Cult. ASMUBAL	Escola deportiva de balonmán	6.000,00 €

O convenio, cuxo modelo figura nas Bases de Execución do Orzamento, será o



CONCELLO DE MEAÑO (Pontevedra)

C.P. 36968 · Rúa Campo da Feira nº1 · Tlf: 986 74 71 02 · 986 74 75 85 · Fax: 986 74 73 91
Email: concellodemeano@concellodemeano.com · Web: www.concellodemeano.com

instrumento para canalizar estas subvencións.

8º Dáse conta da avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e do límite da débeda con motivo da aprobación do Orzamento Municipal 2019, no que se conclúe que cumpre o obxectivo de estabilidade presupuestaria entendido coma a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiación de acordo coa definición contida no SEC 95 e cumpre o límite da da débeda ao non contar con débeda.

9º Que se expoña ó público o expediente do Orzamento con toda a documentación que o integra, por un prazo de quince días hábiles, mediante edictos publicados no BOP, no taboleiro de anuncios e páxina Web do Concello de Meaño para os efectos de exame e presentación de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado, sen necesidade de novo acordo, de non formularse reclamacións contra o mesmo; remitíndose posteriormente copias á Delegación do Ministerio de Economía y Hacienda e da Consellería Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, coa publicación final do edicto do Orzamento, resumido por capítulos, co cadro de persoal aprobado e cargos con dedicación, segundo se establece na lexislación vixente.

E ao non haber máis asuntos que tratar pola Presidencia levántase a sesión ás dezaoto horas e vinte e cinco minutos, estendéndose a presente acta que certifico, co visto e prace da Sra. alcaldesa.



Vº e Prace
A alcaldesa

Asdo. M^{ra} Lourdes Ucha Varela

